Num. 263

FOUCE

Maio 2008

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

Máis de 10.000 persoas esixen prezos xustos para a gandería galega



O trinta de abril máis de dez mil gandeiros e gandeiras esiximos en Santiago de Compostela poder vivir dignamente do noso traballo. Tra-la escandalosa baixada do prezo do leite aplicada pelas industrias, e a continua suba dos custos de produción, unha vez máis os labregos e labregas da Galiza saímos á rua para deixar ben claro que estamos dispostos e dispostas a loitar pelo noso traballo e modo de vida. Son tempos difíciles para o sector gandeiro galego, mais estamos preparadas e preparados para facer fronte á lóxica do capital que, desta vez, ataca salvaxemente un sector básico para a nosa economía e alimentación. En definitiva, para o futuro do noso País. **Páx.5**

sindicato labrego galego comisións labregas

TÁBOA

17 de maio. Chamándolle ás cousas polo seu nome

A Galiza labrega ten o dificilísimo labor de manter aceso o facho da nosa lingua. A nosa xente devanceira tiña un nome para cada cousa e chamaba a cada cousa pelo seu nome. **Páx. 3**

A burocracia nas explotacións fai perder tempo e cartos

Trámites realizados até o de agora pelo persoal que fai a marcaxe, están deixando de efectuarse, trasladando a realización destas xestións aos labregos e labregas. **Páx.4**

Agrocombustíbeis: os coches que comen pan de millo

O emprego de cereais para agrocombustíbeis fixo que aumentase a súa demanda, e, polo tanto, tamén o seu prezo. Que efecto ten esta tendencia enerxética para o agro galego? **Páx.8**

Globalicemos a loita. Na Galiza, en Alxeria: labregas

Crónica sobor do intercambio de experiencias que labregas do Estado español veñen de realizar con mulleres labregas de Alxeria no pasado mes de abril en Orán. **Páx. 9**

FOUCE

Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: *Sandra Varela, Carme Freire, Lidia Senra, Manuel Docampo, Isabel Vilalba, Xosé Pérez Rei e Charo Sánchez Parga.*
Deseño e maquetación:
Xosé García e Vera Montoto
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88

sindicato labrego galego
comisións labregas

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
R/ Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
SANTA COMBA - R/ Lugo,nº9, entr. esq.
Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 38, 1º, 15680.
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4, 1º.Tlf: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º esq / Tlfno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
AS PONTES - R/ Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Tlf: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Tlf: 630 970 131
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA - CIG Casa Sindical.
Tlf. 988 477230
Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.
Tlfno. 629 621 047
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
SARRIA - Rúa Nova 60, entrechán.
982 533672
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTlf/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf. 982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
MEIRA- R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 986792268.
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
LALÍN -Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal 1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf. Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 711825

Xabier Gómez Santiso, Coordenador de Sectores Gandeiros do SLG

"Corenta e cinco máis calidades"

O mercado do leite está totalmente controlado, a nivel de prezos, pola industria e sobre todo, a gran distribución. O sector productor non ten, até agora voz nin voto á hora de fixar prezo. O outono pasado dispáraronse os custos de produción, agora, na primavera, ao producirse máis leite, a industria especula e baixa os prezos de compra aos productores/as. Hoxe, o custo de produción dun litro é de 37 céntimos pero @s productores/as so cobran 35.

■ Nas reunións da Mesa do Leite realizada até o de agora, somentes se escoita falar do contrato homologado...

Estáse a utilizar o tema do contrato para obviar o tema que realmente preocupa ao sector, e que non é outro que os baixos prezos que se está a cobrar polo leite, e que aínda non pararon de baixar.

Non é aceptábel para o Sindicato Labrego Galego ningún contrato mentras que non leve prezo negociado.

■ Cal habería de ser este prezo?

O importe debe ser o prezo base máis calidades.

Falar de prezo final é unha trampa para o sector.

A dirección do leite do SLG considera como bon o prezo proposto nas asambleas de corenta e cinco céntimos máis calidades

■ Cales son as iniciativas que levará a cabo o Sindicato Labrego Galego?

O Sindicato Labrego Galego iniciará unha campaña informativa con asambleas.

Alí explicaremos toda esta situación. Ademáis, recomendarase a productores e productoras que non asinen contratos que signifiquen a aceptación de prezos que non garantan unha renta digna para as súas explotacións.

■ Contémplase a posibilidade de levar a cabo unha folga no sector?

Seguirase a debatir co sector o tema da folga de entregas de leite, por se se dera o caso de que non haxa recuperación de prezo a curto prazo.

De ser así, primeiramente comezariamos unha campaña de adhesións a esta folga, por escrito, de productores e productoras.

Nemberganes, sempre debatendo previamente entre todos e todas os/as gandeiros/as cales son as datas e o xeito adecuado.



Milleiros de gandeiros e gandeiras asistiron ás convocatorias perante das fábricas de Puleva e Lactogal (na imaxe) até convertírense en dez mil de en Santiago de Compostela o pasado día trinta de abril.

■ Cal é a situación a nivel lexislativo?

É preciso cambiar a lexislación sobre a competéncia, xa que lonxe de non protexer ós/ás consumidores/as, que é o seu fin teórico; arruina ao sector productor impedíndolle poñer prezo ao seu producto.

O mercado permite que as marxes comerciais sexan levadas por quen domina o mercado (normalmente a gran distribución que son 6 a nivel mundial), polo tanto é imprescindible que se regulen estas marxes comerciais.

■ Por que hai diferentes prezos segundo marca?

As primeiras marcas de todas as industrias teñen un prezo parecido, o mesmo ocurre coas segundas e coas terceiras, no caso de que existan.

Normalmente as grandes industrias teñen tres marcas e hai diferencia de prezo entre elas pero a diferencia entre diferentes industrias é mínima.

■ Por que chegamos até unha situación tan crítica?

Chegamos a esta situación por que o mercado do leite está totalmente controlado, a nivel de prezos, pola industria e, sobretodo, a gran distribución.

Isto somentes cambiará cando @s produtores/as poidan negociar o prezo.

Esta publicación está cofinanciada pela

DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Xosé García, xornalista e colaborador do Sindicato Labrego Galego

Chamándolle ás cousas polo seu nome

Teño o firme convencemento de que, outra volta, á Galiza labrega cargáronlle o dificilísimo labor de manter aceso o facho da nosa lingua. Así o fixo en períodos tan adversos da nosa historia coma os séculos escuros (XVII e XVIII) ou a dictadura de Franco; e así o está a facer agora, aínda que cada vez cunha corrente en contra máis e máis forte.

Non me gusta ser pesimista, pero tampouco ver ledicia onde non a hai. E a saúde do idioma non está para botar bombas.

Que cada vez é menos a xente que fala en galego, e que cada vez son menos os pais e as nais que se dirixen aos seus fillos e fillas na nosa lingua, é un feito.

Ese virus que fai que moitas persoas farfallen mal que poden nunha lingua que non é a súa está a chegar, mesmo, ás nosas aldeas, o eido por excelencia onde o galego sempre se mantivo ben acantonado, enrocado, luminoso, vivo.

A escola, os medios de comunicación, os libros de texto, o entorno; semellan unha enorme mancha de chapapote a estenderse encol da nosa lingua, a toldala, a privala de luz, a mergullala de novo nuns séculos escuros que, desta volta, non van atopar quen os alumee.

Explícome. Aínda que é certo que o galego se mantén vivo grazas a que somos moitos e moitas quen o falamos, non acontece así co riquísimo vocabulario, co patrimonio verbal que moldearon no padal xeracións e xeracións de devanceiros e que nós herdamos sen sabermos moi ben o que nos estaban a regalar.

Así, a mancha de chapapote da que falaba, avanza sobre os nomes dos lugares, das plantas e dos paxaros, das bestas, das fincas e dos recantos, de cada curruncho, de cada pedra, de cada apeiro, de cada camiño e cada revolta.

Porque só do contacto íntimo coa terra, co entorno, xurdiron dende a noite dos séculos, e de xeito natural, as palabras para nomear todo e canto nos arrodeaba.

A nosa xente devanceira tiña un nome para cada cousa, e chamaba a cada cousa polo seu nome, va que si, mais agora a mancha da desmemoria está a borrar de maneira irreversible ese universo verbal.

Cando morre un vello, cando se nos vai unha vella, vanse canda eles centos de nomes e palabras que sobrevivían mal que ben nos seus recordos.

Todo ese patrimonio corre serio perigo porque, unha vez que se perda, de nada servirá que falemos en galego todo o que queiramos.

Porque para min o galego é o que aínda conservan as xentes da Galiza labrega que seguen a traballar a terra, a relacionarse con ela no idioma co que naceron, a sacarlle mantenza na nosa lingua; para min o galego é ese e non o castrapo no que malfalan o meirande dos políticos, nin ese idioma de manual ao que nos teñen afeitos nos telexornais.

Eu quero seguir escoitando á miña xente dicindo que levan as vacas a pacer á braña de Mourices, ou que van apañar as castañas ao souto de Rosén, ou que van anciñar as patacas á leira de Mera, esa que fica pegadiña ao camiño dos Tagarros, ou que levan abeberar o gando á fonte de Sabián.

Quero seguir oíndo que o leite se muxe en muxidoras, e non en *ordeñadoras*; que a facenda se garda na corte, e non no *establo*; e aínda que pola miña bisbarra ninguén os chama cogombros, hei preferir esta palabra á estranxeira *pepino*; e heille dicir ao meu meniño, sempre que o bañe, que o bonequiño de goma co que xoga é un parrulo e non un *pato*, aínda que siga a haber xente que che mira como a un bicho raro cando optas por vocábulos coma estes.

Tan doado e tan difícil, ese magno labor de manter vizosa e louzá a nosa lingua será labrego ou non será.

Porque a ninguén se lle escapa que ese riquísimo tesouro verbal repousa aínda no falar das xentes do noso rural, na memoria daqueles que tiveron e teñen na aldea e na parroquia o seu mapa vital íntimo, un atlas da existencia onde aínda se conservan intactas as diversas rotas que nos levan directos á nosa identidade, que nos fan sermos quen somos: galegos e galegas.

O día que perdamos esa perspectiva, se cadra perderemos o noso norte como pobo. Sen esa cartografía, quedaranos andar ao chou polo labirinto da historia ata que o esquecemento remate coa última palabra de noso.

Tan doado e tan difícil como que labregos e labregas nos manteñamos fieis, con orgullo e sen fendas, ao noso idioma.

Velaí a nosa responsabilidade. Velaí o reto.



-O MONUMENTO QUE NUNCA EXISTÍU-
Ós conservadores e conservadoras orais da nosa lingua, para que nós chegaramos a escribila

"A nosa xente devanceira tiña un nome para cada cousa, e chamaba a cada cousa polo seu nome"

"Quero seguir oíndo que o leite se muxe en muxidoras, e non en *ordeñadoras;* que a facenda se garda na corte, e non no *establo*; e aínda que pola miña bisbarra ninguén os chama cogombros, hei preferir esta palabra á estranxeira *pepino*; e heille dicir ao meu meniño, sempre que o bañe, que o bonequiño de goma co que xoga é un parrulo e non un *pato*."

nº 263
Maio do 2008 FOUCE

Editorial

A burocracia nas explotacións:

Unha forte carga que nos obriga a adicarlle moito tempo e xera importantes gastos para a explotación

Apesares das múltiples promesas da administración de alixeirar a carga burocrática que pesa coma unha lousa sobre as nosas explotacións, a realidade é que cada día que pasa a situación é peor.

Como ben sabedes todas e todos, até hai pouco tempo, as altas dos becerros na explotación dábanse cando ían poñerlle o crotal. Chegaba con entregar unha fotocopia da folla de saneamento. A compulsa facíaa a persoa autorizada para poñer o crotal.

Agora, Medio Rural, decidíu que estas persoas non poden facer a compulsa. Entón para dar as altas, obrígasenos ás persoas titulares das explotacións a achegarnos á Oficina Comarcal correspondente para facer as compulsas da copia da folla de saneamento e dar de alta no libro o becerro. Antes adicábámoslle o tempo de poñer o crotal. Agora, hai que adicar unha mañá máis.

Este é un máis dos cambios feitos polo actual equipo da Consellaría do Medio Rural. Non hai moito, estableceu a obriga para as persoas que teñen ovellas de que, cando algunha ovella desaparece, xa non serve que a dea de baixa no libro a veterinaria ou o veterinario cando vai facer o saneamento. Temos que ir dar parte á Garda Civil da desaparición da ovella e logo, coa copia da denuncia, temos que ir á Oficina Agraria Comarcal a dala de baixa no libro.

Como vedes, algo que antes resolvían as persoas que fan o saneamento, agora obríganos a facer dúas viaxes. Cando antes cada quen adicaba a este cometido o tempo que tardaba o veterinario ou veterinaria en sanear o rebaño, agora, se temos a mala sorte de que nos desapareceu algunha ovella, temos que adicar dúas mañás máis.

Unha situación como a que estamos vivindo, onde cada pouco tempo aparece a obriga de ter un novo papel, lévanos ás persoas que temos explotacións a adicar cada vez máis tempo a poñer en orde os papeis (nadamos neles); a xestionar a burocracia e a coller os coches para desprazarnos uns cantos quilómetros, agardar nunha cola da Oficina Agraria Comarcal, para resolver algo que non aporta absolutamente nada, nin en seguridade alimentar nin en mellora das nosas explotacións. O seguro é que cada vez que temos que facer unha xestión deste tipo, a mañá xa a perdemos para realizar o noso traballo como labregas ou labregos; é decir o que nos dá de comer.

Ao mellor, os nosos gobernantes xa se esqueceron do que son as nosas explotacións e, instalados na realidade virtual, pensan que os prezos que cobramos polos nosos productos, permítennos gañar dabondo como para ter asalariados ou asalariadas que fagan o traballo ou que nos xestionen a burocracia.

Dende aquí pedímoslle aos responsábeis da Consellaría do Medio Rural sentido común e respeto polo noso traballo.

Esto tamén pasa por reducir a carga burocrática das explotacións e, como paso inmediato e mostra de boa vontade, esiximos que dean marcha atrás e volten autorizar ao persoal que se encarga do saneamento, no caso das ovellas, a dar as baixas, e que retiren a obriga de presentar denuncia na Garda Civil.

Tamén cómpre que o persoal que se encarga de poñer os crotales aos becerros volte a compulsar as fotocopias como viña sendo até hai pouco tempo.

Máis de 10.000 gandeiras e gandeiros

O agro galego esixe en Santiago poder vivir do seu traballo

O Sindicato Labrego Galego valora como un grande éxito a mobilización do día 30 con máis de 10.000 gandeiros e gandeiras de vacún de Galiza demandando prezos xustos para a carne e para o leite. A importantísima resposta a esta convocatoria é un sinal evidente das enormes dificultades polas que están a atravesar as explotacións gandeiras, polo que agardamos que se atendan dunha vez por todas as reivindicacións do sector.



Carme Freire exisíu que se eliminen as axudas públicas ós biocombustíbeis, xa que o encarecemento de cereais, base tamén dos pensos, constitúe un dos factores na crise do sector, ademáis de ser un dos motivos directos do encarecemento de carburantes e plásticos.



O Sindicato Labrego Galego considera que a proposta da industria de prezo final medio para o ano 2008 de 40,18 céntimos, que está enriba da mesa, é totalmente insuficiente, debido ao enorme incremento dos custos de producción que están a soportar as explotacións. Recollendo as demandas do sector expresadas nas diferentes asembleas e xuntanzas, considera que unha oferta seria, que lles permita ás explotacións galegas cubrir custos de producción e obter unha renda digna, debe basearse nun prezo mínimo de 45 céntimos máis calidades. O que agora procede é poñer en marcha unha negociación con estas premisas e non intentar meterlle con calzador ao sector o prezo que oferta a industria. O SLG aposta por darlle estabilidade ao sector lácteo con contratos, pero é evidente que non vai lexitimar contratos con prezos de miseria.

Contrato si, pero cun prezo que garanta o noso traballo

Despois de dous meses de movilizacións, e de termos pedido as organizacións agrarias unha convocatoria da mesa para tratar de chegar a acordos no tema prezos, tuvo lugar a reunión da mesa do leite do dia seis, en formato de pleno.

O que se pretendía nesta mesa, para a nosa sorpresa, non era falar do prezo, senón asinar unha proposta de contrato homologado. Esto non foi posible porque a industria non aceptou as condicións do contrato; pero dende o SLG, tamén nos negamos a asinar un contrato se non hai acordo de prezo mínimo.

Non debe entenderse esto como unha oposición do SLG ao contrato, que é, por outra parte, unha reivindicación que levamos facendo no sector trinta anos; senón porque nestes momentos a emerxencia do sector é non seguir cobrando o leite por debaixo dos custos de produción.

Para que serve un contrato sen prezo?, para que a industria nos faga contratos ao prezo que ela quere?

O contrato é unha ferramenta imprescindíbel, pero o que fixemos na última reunión da mesa dá a impresión de estar máis ben na liña de "embobar" ó sector.





É fundamental poñer en marcha as medidas paliativas da crise de vacún de carne que lles foron presentadas en forma de táboa reivindicativa tanto á Administración Autonómica coma ao Ministerio, e que son imprescindibles e urxentes para que neste sector non comencen a cerrar explotacións de inmediato. Así mesmo, agardamos que se empece tamén a traballaren mecanismos de configuración dun prezo da carne de vacún que que cubra os custos de produción e o traballo das explotacións.

A redución dos módulos no IRPF esquece sectores fundamentais en Galiza

O Sindicato Labrego Galego, ao igual que outras organizacións agrarias, tiña solicitado a redución dos índices de rendimento neto aplicábeis no método de estimación obxectiva (módulos) do IRPF, polo que tributan a maior parte das explotación agrarias e gandeiras de Galiza.

Pretendíase, deste xeito, axustalos a unha realidade determinada polo incremento vertixinoso dos custos de produción, que se dispararon nos últimos tempos.

Pese á tardia publicación da Orde, desde Galiza non podemos máis que calificala de insuficiente e discriminatoria, xa que deixa fóra da redución sectores fundamentais da nosa economía, como é o caso do sector lácteo e do sector hortícola.

O sector lácteo vai soportar un incremento da carga fiscal nun momento no que a rendibilidade das explotacións é mínima, debido á caída dos prezos percibidos e ao incremento dos dos insumos.

Cabe lembrar que o índice de rendimento neto da produción de leite é o 0,42, rendibilidade que é imposíbel de alcanzar co nível de custos que teñen que soportar neste momento as explotacións.


Polo que se refire a producións hortícolas, hai que apontar que só a produción de pemento na provincia de Ourense se vai ver beneficiada por esta redución, contrariamente ao que ocorre noutras zonas do Estado español.

Desde o Sindicato Labrego Galego insistimos na necesidade de adaptar o método de estimación obxectiva do IRPF ás circunstancias reais polas que atravesan os sectores agropecuarios neste momento, o que pasa pola redución dos índices para o exercicio 2007. Concretamente en Galiza, onde se produce cerca do 40% do leite do Estado, e onde radican máis da metade das explotacións, resulta especialmente necesaria a redución para esta produción.

A arte de cruzar varas chega a Santaballa da man do SLG

"Quen fai un cesto, fai un cento; se lle dan varas e tempo"

"Somos probes cesteiros, cestos que compoñer, probiños de nosoutros que vamos morrer"... di unha cantiga popular. A cesteiría é un saber tradicional a piques de esmorecer debido, entre outros factores, aos novos materiais empregados nas labouras do agro e do mar. Hai cestos de vimbio, de canas, xuncos... ou lamas de carballo, castiñeiro, salgueiro... No curso organizado pelo Sindicato Labrego as participantes elaboraron os seus propios cestos.







Esquerda superior e dereita : elaborados de colmo con tona de silva (cesteria tradicional). Esquerda inferior: realizado con corda plástica procedente dos residuos de plásticos de uso agrícola.

Dende o vinteún de febreiro até o un de abril, o Sindicato Labrego Galego levou a cabo un curso de cesteiría tradicional de corenta horas realizado na escola Liga Santaballesa da parroquia de Santaballa, concello de Vilalba. A persoa encargada de imparti-lo curso foi Lola Tourón, quen contou cunha clase de vinte alumnas interesadas en aprenderen a técnica de cesteiría ou que mesmo asistían para perfecciona-los seus propios coñecementos.

No curso traballáronse técnicas de cesteiría tradicional, hoxe en día case desapareceidas, malia que nos seu tempo foron moi empregadas.

Principalmente, eran as labregas e labregos quen máis as empregaban, xa que, ademáis dos múltiples servizos que prestan os cestos, son especialmente necesarios para as labouras de sementeira e malla.

As pezas de cesteiría tradicional elaboradas no curso construíronse con palla de centeo e tona de silva, malia que tamén se traballaron pezas tradicionais da zona, con bimbio colleitado por nós nas beiras dos regatos.

A segunda parte do curso estivo adicada á reciclaxe de materiais de uso agrícola que habitualmente constitúen o meirande do lixo dos nosos campos.

Industrias lácteas rebaixan o prezo alegando probas de calidade realizadas por elas mesmas

Os productores e productoras de leite non temos ningunha seguridade de que non se estea a utilizar a presenza de inhibidores, moitas veces non demostrada, para baixar o prezo do leite.

Algo tan importante como a presencia de antibióticos non debería ser susceptíbel de ser utilizado pola industria en función de como quere pagar o leite.

Moitas explotacións que levan a cabo un control exaustivo -mesmo analítico- do leite dubidoso para que non vaia ao tanque, e mesmo contando con probas oficiáis nunca positivas, atópanse con que aparece un positivo na proba da industria que lles supón un desconto na factura do mes equivalente a tres mil ou tres mil quinientos litros.

Este resultado dase sin que previamente dera positiva a cuba do camión en que ía, e sin que exista certificado de destrución dese leite.

A Administración non sanciona a explotación porque non ten constancia de positivos pero a industria sí a sanciona por un positivo atopado por ela e totalmente sin contrastar, o que significa, no entender do SLG, que se está a utilizar este mecanismo para meter máis navalladas ás explotacións lácteas.

O Sindicato Labrego tentará poñer en coñecemento da Administración estas prácticas por se houbera algún indicio de utilización ilícita e interesada destas probas. Tamén levará a cabo as actuacións xudiaciais oportunas.

“A crise de polinización” pon en entredito o modelo agrario industrial

Cada vez máis datos confirman que as poboacións de polinizadores están diminuíndo en todo o mundo. En Europa e América do Norte descenderon alarmantemente o número de colmeas de abellas e case todas as variedades silvestres deste insecto desapareceron. Moitas bolboretas europeas corren un serio perigo de extinción debido á modificación do uso das terras e á intensificación da agricultura. Están en perigo de extinción ou xa desapareceron 45 especies de morcegos, 36 especies de mamíferos non voadores, 26 especies de colibrís e 70 especies de paxaros.

Os polinizadores de cultivos non só contribúen á seguridade alimentaria senón tamén á economía. Segundo Losey e Vaughan[1] o valor dos servizos que realizan os insectos (control de pragas, nutrición da fauna silvestre, polinización e fertilización da terra) ascende a máis 57 billóns de euros anuais. De eles, 16 mil millóns de euros anuais é o valor dos servicios de polinización.

Sen embargo, Linda Collette, especialista da FAO en biodiversidade agrícola, sinala que segue sen recoñecerse a función dos polinizadores en todo o mundo.

Afirma que “dado que os insectos pasan inadvertidos, ou tal vez porque o sistema anteriormente funcionaba ben sen maior intervención, tanto o público en xeral como os agrónomos teñen poucos coñecementos ó respecto”.

O feito é que os servizos ambientais proporcionados polos polinizadores son esenciais para a producción de alimentos -tanto en cantidade como en calidade- e contribúen ós medios de subsistencia de moitos labregos e labregas en todo o mundo.


A FAO[2] considera que, das pouco máis de 100 especies de cultivos que proporcionan o 90% do suministro de alimentos para 146 países, 71 son polinizadas por abellas, e moitas outras por trips, vespas, moscas, escaravellos, polillas e outros insectos.

Todo indica que en condicións naturais, a escaseo de polinizadores é un factor máis importante para a reproducción eficaz que o que pode supoñer o clima, a fertilidade do solo ou as doenzas.

Sen embargo, existen evidencias en todo o mundo que indican unha diminución potencialmente grave das poboacións de polinizadores, maiormente debido a moitas tensións, tales como a fragmentación dos hábitats, as doenzas, os parasitos e a exposición a pesticidas e a contaminación agrícola.

Os pesticidas neurotóxicos neonicotinoides e outros, efectivos a niveis incríbelmente baixos e altamente selectivos para insectos, están no banco dos acusados. Os insecticidas e herbicidas están entre os sospeitosos.

De todos os animais polinizadores, as abellas melíferas son os únicos domesticados polo home, por este motivo a súa desaparición é constatábel e cuantificábel e revela a crise dos outros polinizadores silvestres.



Exemplos de animais polinizadores son as moscas, as polilllas, as bolboretas, as vespas, os escaravellos, os morcegos e os colibrís, pero son as abellas os principais axentes de polinización de cultivos.

A desaparición das abellas non é un feito illado se non que é a punta do iceberg. Un faro que nos avisa de que nos aproximamos a un perigo se non cambiamos de rumbo.

Para responder a esta “Crise de polinización” temida polos científicos, o Convenio das Nacións Unidas sobre a Diversidade Biolóxica estableceu en 2002 unha iniciativa internacional para a conservación e o uso sostíbel de polinizadores no ámbito do seu programa de traballo sobre a agrobiodiversidade.

A FAO, organismo coordinador desta iniciativa, está preparando un proxecto PNUMA/FMAN orientado a iluminar as enormes lagoas de coñecemento sobre os servizos de polinización e iniciar boas prácticas agrícolas para a conservación dos polinizadores nunha grande variedade de zonas ecolóxicas e sistemas agrícolas.

Hoxe sabemos que a abella (Apis mellifera) é o principal axente polinizador[3], pero hai outras especies de abellas involucradas nesta labor[4] .

A redución no numero de abellas así como de outros polinizadores é un feito que sofren en varias partes do mundo.

Este descenso ven dado polo uso de agroquímicos, monocultivos e deforestación[5].

Sen embargo, e a pesar da enorme importancia que ten o proceso de polinización principalmente por insectos en cultivos agrícolas, o usos de pesticidas foise incrementando ata o presente[6].

Polo tanto o actual modelo agrario non é sustentábel e ten data de caducidade. A sustentabilidade depende da biodiversidade e esta depende dos polinizadores.

“Moitas sementes están pildoradas con neurotóxicos “moi perigosos para as abellas” caso do millo da marca Pioneer sementado en Galiza nos últimos anos”

As probas

Hai máis de 249 pesticidas autorizados polo Ministerios de Agricultura nos que a etiqueta indica “moi perigoso para as abellas”[7].

Moitas sementes están pildoradas con neurotóxicos “moi perigosos para as abellas” caso do millo da marca Pioneer sementado en Galicia nos últimos anos. Ou o uso recomendado polos distribuidores de fitosanitarios de píldora s sementes de pataca e millo con Excocet (imidacloprid 35%).

En ocasións, a ameaza provén de actitudes irresponsábeis, como a recomendación do Centro Fitipatolóxico do Areeiro da Deputación de Pontevedra para fumigar os eucaliptos con Imidacloprid (caso insólito nun pais industrializado) contra Cetenarytaina Spatulata. [7]

Os ensaios aéreos realizáronse en varios eucaliptais de Pontecaldelas-Pontevedra (imidacloprid e malation) !!!!!!!!

No Estado español, varios alimentos de Almería dan residuos de imidacloprid e mezcla de outros pesticidas.[8]

As augas subterráneas da Vega Media do Segura (Murcia) dan residuos de insecticidas (imidacloprid entre outros) e herbicidas no que supón un cóctel explosivo para calquera insecto que a beba. Que pasará cos humanos?[9]

Para rematar cun caso de Galiza ,as augas da conca do río Xubia presentan residuos de dous pontentes neurotóxicos, Imidacloprid e Friponil en cantidades moi preocupantes. Os dous son considerandos “moi perigosos para as abellas”[10].

---

(1) John E. Losey and Mace Vaughan, 2006. “The economic value of ecological services provided by insect”. BioScience 56: 311-323 .

(2)Informe FAO, 2005 “Protección a los polinizadores”. Departamento de Agricultura, Bioseguridad, Nutrición y Protección del Consumidor. Organización de las Naciones Unidas para la Agricultura y la Alimentación)

(3) Southwick, L.,Jr. and E.E. Southwick. 1989. A comment on “Value of honey bees as pollinators of U.S. crops”. American Bee Journal 129: 805-807.

(4)Richards, K.W. 1993. Non-Apis bees as crop pollinators. Revue Suisse de Zoologi 100: 807-8

(5) Rathcke, B.J. and E. Jules. 1994. Habitat fragmentation and plant/ pollinator interactions. Current Science 65: 273-278.

(6) KEARNS CA, DW INOUYE & NM WASER (1998) Endangered mutualisms: the conservation of plantpollinator interactions. Annual Review of Ecology and Systematics 29: 83-112).

(7) Ver rexistro oficial de fitosanitarios www.mapa.es

(8) “La Voz de Galicia” do martes 17 de outubro de 2006 e os ensaios foron publicados na revista do MAPA “Boletín de Sanidad Vegetal” 2006, vol. 32, nº 3, Plagas: 429.

(9) Ver: Fernandez-Alba et At..: Journal of AOAC International Vol. 83, No. 3, 2000.

(10)Ver: “Investigación de Plagicidas en las aguas subterráneas de la Vega Media del Segura”. Aragón Rueda, R. , Morell Evangelista, I., Muñón Colom, J., Instituto Geológico y Minero de España e o Departamento de Ciencias Experimentais, Universitat Jaume I. Castellón. Traballo realizado para a Consejería de Obras Públicas y Ordenación del Territorio da Comunidad Autónoma da Rexión de Murcia.

(11) Traballo realizado polo Dep de Enxeñería Química da EPS de Ferrol, O Concello de Narón e a Asociación Galega de Apicultura AGA.

Agrocombustíbeis: os coches que comen pan de millo

Inmers@s nunha crise de fame a nivel mundial, en troques de pan producimos etanol


Estamos asistindo a unha crise que pode aniquilar a millóns de persoas por falta de alimentos e condenar á desaparición a milleiros de explotacións debido ao incremento dos custes de producción e á caída no prezo percibido polos nosos productos. Unha compoñente desta crise é o encarecemento dos recursos enerxéticos, en concreto do petróleo. Detrás desta carencia, atópase en grande medida a irracional aposta dos grandes gobernos e multinacionais por obter combustíbel a partires da producción de cereais para agrocombustíbeis.

No sector agrario, un sector primario na división clásica de actividades económicas, a repercusión do encarecemento do petróleo está afectándonos aos labregos e labregas por dobre vía.

Primeiro de forma directa, polo incremento dos prezos en moitas das materias primas que consumimos nas explotacións e que son necesarias neste momento para a producción agrogandeira. Gasóleo e gasolina, aceites, plásticos ou os adubos químicos.

Logo, de forma indirecta, polo incremento dos custes de transporte e pola suba dos cereais, necesarios para a alimentación animal.


O curioso é que os cereais non so suben porque hai un incrento nos custes de producción ou de transporte. Suben porque o uso de cereais para a producción de agrocombustíbeis, fixo que aumentase a súa demanda, curiosamente derivada do incremento do prezo do petróleo e da busca de alternativas enerxénicas ao mesmo.



A natureza dos cereais, que se poden almacear durante periodos prolongados de tempo, fan que sexan empregados como un elemento especulativo, co cal o capital é capaz de xogar con eles como se fose en bolsa.

A isto hai que engadir que, nos últimos tempos, a inestabilidade dos mercados financeiros fixo que investir ou especular con cereais fose máis seguro e máis rendíbel que a epeculación en bolsa, sobre todo cunha demanda crecente para o uso na fabricación de agrocombustíbeis.

Se a isto lle sumamos os fortes investimentos públicos nos agrocombustíbeis, vemos como, novamente, as subvencións enriquecen aos mesmos especuladores de sempre, e perxudican por unha banda aos labregos e labregas do norte e por outra aos países pobres como os de África, que neste ano 2008 terán que soportar un 74% de incremento nos custes das importacións de cereais para alimentar á súa población.



"Os cereais, ao podérense almacear durante periodos prolongados de tempo, fan que sexan empregados como un elemento especulativo, co cal o capital é capaz de xogar con eles como se fose en bolsa"

"A loita pola soberanía alimentaria vóltase aínda máis necesaria"

Producción que se cadra poderían ter cuberto eles mesmos se non tiveran desmantelado a súa actividade agrícola para dirixila cara aos monocultivos para a exportación, incentivados por organismos como o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional, ou a Organización Mundial do Comercio.

"O uso de cereais para agrocombustíbeis fixo que aumentase a súa demanda"

Organismos Internacionais

A Unión Europea segue apostando por que no 2010 o 10% dos vehículos adicados ao transporte empreguen agrocombustíbeis, todo isto a pesares das recomendacións da propia ONU de facer unha moratoria no cultivo adicado a este fin para frear unha crise alimentaria global.

A propia FAO recomenda, como medida estructural, fortalecer a pequena actividade agrícola para garantir seguridade alimentaria en tempo de crise.

Todo o contrario do que se está facendo, xa que as políticas actuais priman ás grandes explotacións monoproductivas e pechan os ollos ante a desaparición de pequenas e medianas explotacións.

Esquecen que estas explotacións son necesarias para garantir non só un mundo rural vivo, senón tamén a seguridade alimentaria da nosa poboación.

Neste momento, o debate e a loita pola soberanía alimentaria vóltase aínda máis necesario.

Do mesmo xeito, no canto de seguir incentivando a producción de agrocombustíbeis, compre mudar o modelo enerxético actual, catastrófico para o planeta e as persoas polo nivel de consumo que supón.

É preciso camiñar cara un modelo enerxético máis eficiente, e este terá que ter como principal obxectivo reducir o actual consumo de enerxía.

As mulleres podemos. Globalicemos a loita, globalicemos a esperanza.

Na Galiza, en Alxeria: labregas

Mónica Amado, en representación do SLG, vén de participar nun encontro de intercambio de experiencias con mulleres labregas organizado a petición a ONG alxeriana CERAI. Do catro ao once de abril, mulleres do Estado conviviron con labregas da zona de Orán. Talleres ou teatro foron os instrumentos empregados para levar a cabo un profundo traba-llo de debate e intercambio de experiencias; de coñecerse pero, sobor de todo, de decatarse de que elas son nós e nós somos elas. Nesta crónica descubrimos unha Alxeria en movemento e loitadora.



Como nos transmite Mónica Amado (na marxe dereita da foto, con pelo curto) tanto aquí en Galiza, como en Arxelia, temos moito traballo por diante. Pero agora tanto unhas como outras sabemos que non estamos soas, e que cada día somos máis loitando por nós, para nós e para as seguintes xeracións.

■ **Mónica Amado.** No intercambio aprendín moitas cousas das mulleres arxelinas, pero, sobre todo, colleitei esperanza e forzas para seguir traballando e loitando; pouco a pouco en todo o mundo as mulleres imos dando pasos cara á nosa liberdade e á vida en igualdade.

As mulleres arxelinas están empezando a formarse , a saír da casa (dicían que o feito de ter móbil axudou a que poidan sair máis); a traballar fóra na procura dunha independencia económica que vaia da man da consecución da súa liberdade.

A súa presencia nos talleres, no encontro, era en sí mesma un éxito da súa loita. Nalgunhas asociacións xa empezan a estar nas xuntas directivas, e atopamos bastantes monitoras nos talleres.

Pero o importante é que pouco a pouco elas comezan a asumir e tomar decisións; co cal cada día se sentirán máis seguras para comezar a facelo tamén nas súas casas .

Tradicionalmente, as mulleres arxelinas (sobre todo no rural) non poden sair soas á rúa. Tamén a nosa delegación, pese a ser europea, contou en todo momento con "homes-escolta".

A muller comeza a incorporarse ao mundo laboral, pero o problema é que, inda que en moitos casos elas son o único sustento da familia, teñen que entregar os salarios aos seus maridos ou pais, ou irmáns varóns se están solteiras, e incluso se están divorciadas pero viven con toda a familia.

Destes temas a algunhas mulleres costáballes falar, unha resposta chamoume a atención: "Unha relación sin olas non é posíbel".

Non poden traballar soas nas leiras, se están casadas moitas levan o pano cubrindo a cara e moitas seguen levando o pano na cabeza. Contáronnos que algunhas rapazas novas non levan o pano pero cando botan mozo moitas póñenno se el llo dicía, ben por evitar problemas ou por medo a quedar sen o mozo.

Foi moi importante que, además de connosco, elas tiveran a oportunidade de falar entre si: as mulleres de APPET coas de Chougrani, as de Hachem coas de Tamari... que se coñecesen e abrisen camiños para traballar xuntas.

Foi moi alentador cando o presidente de Chougrani consultou coa representate da organización Tamari a posibilidade de facerlles chegar os seus productos.

Nun taller sobre a muller rural, foi moi curioso ver como se relacionaban as mulleres de Hachem e ás de Oran.

Alí pareceume que as mulleres de Oran e arredores teñen o concepto (como ainda pasa aquí) de que as mulleres do campo estan "atrasadas" ou que non teñen nada que ensinar.

Agardo que coñecernos lles dese ánimos, forza e ganas de seguir traballando.



É o segundo país máis grande o continente africano, a súa capital é Arxel. Ten 32.277.942 habitantes, o meirande da poboación concéntrase na costa. Conta cunha extensión de 2.381.741Km^2. Fálase árabe e dialectos bereberes. Un 99% da poboación é musulmá suní, repartíndose o 1% restante entre cristiáns e xudeus.

Segundo as nosas Mulleres Arxelinas Rurais, non hai diferenza entre elas e a Muller Rural Española. Eu creo que é moi distinto, as Nosas Mulleres viven en silencio, teñen moito medo de falar e reclamar os seus dereitos, pero, unha pregunta: "¿coñecen elas os seus dereitos como muller?"¡NON!.

Cada unha está encerrada na súa casa, non lle importa, nin se pregunta, que está pasando ao seu arrededor.

Ten que saír, expresar, socializar cos demáis, saber que vai perder cousas, como tempo, esforzo, sacrificios, para gañar outras como liberdade e independencia económica.

Necesitamos xuntarnos e organizarnos, comunicarnos, sacar o que temos dentro, non podemos quedarnos de brazos cruzados.

¿Por que esta diferenza cara o outro? somos todos iguais, sexa unha muller ou un home, tenemos que vivir en IGUALDADE.

Agardo que a miña mensaxe chame a tódalas portas e saia pola ventana, é que non acepto que a miña mensaxe quede encerrada como tantas mulleres.

-YAHIA DJILALI BERRABAH-

A importancia do aproveitamento económico dos nosos montes

Nestas charlas informativas organizadas pelo SLG e Frouma abordáronse as posiblidades do noso monte

A Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais da Galiza contempla no artigo 30 a reorganización da propiedade forestal mediante as unidades de xestión forestal (UXFOR). Varias son xa as persoas que se puxeron en contacto coa Asociación Frouma para interesarse polo proceso de creación e constitución das uxfor. Un exemplo témolo no concello d'O Irixo, onde a veciñanza das parroquias de Espiñeira e Froufe están a dar os pasos para a creación dunha unidade de xestión forestal nos montes de titularidade privada.

O concello d'O Irixo sitúase ao nordeste da provincia de Ourense, no límite con Pontevedra.

Ten unha superficie de 121 km2, comprendendo 12 parroquias e 108 lugares.

A actividade agraria ten unha clara orientación gandeira.

É unha zona marcada polo despoboamento e o envellecemento da poboación, o que provoca un grave abandono das terras, que fican cobertas de matogueira, incrementándose o risco de incendio forestal.

Debe ser tido en conta que un número importante de propietarios e propietarias dos montes reside fóra do concello.

É entón cando un grupo de persoas dos lugares de Trabazón, Sidre e Parteme se deciden a iniciar o proceso de constitución dunha UXFOR cunha superficie aproximada de 400 hectáreas, realizando a posta en valor dos seus montes mediante o aproveitamento gandeiro en extensivo con razas autóctonas en perigo de extinción (caldelás e limiás).

Ademais, a microparcelación é evidente, con parcelas de monte menores de 100 m^2.

Actualmente, estase no proceso de identificación dos predios forestais, mais na elaboración da cartografía necesaria para a delimitación dos terreos a introducir na unidade de xestión forestal.

Ao mesmo tempo, estanse a desenvolver actividades formativas sobre os diversos aproveitamentos do monte.

A primeira destas actividades foi un curso organizado polo Sindicato Labrego Galego, en conxunto coa Asociación Frouma, impartido os días 26 e 29 de abril, máis o 2, 6, 7, 9 e 10 de maio e no que se trataron temas como o silvopastoreo, a apicultura, ou o aproveitamento cinexético.



Mariam Ferreira no momento de dar unha charla informativa sobor das UXFOR en Franqueirán, Ribadavia.



Dentro do programa das Xornadas de Aproveitamento dos Montes celebrada en Irixo, o día dez de maio tivo lugar unha excursión a iniciativas silvopastorís en Allariz.

Medio Rural presenta o borrador da Lei de Montes de Galiza

A Consellaría do Medio Rural vén de facer público o borrador da Lei de Montes de Galiza.

O documento está dispoñíbel na páxina web da Consellaría(http://mediorural.xunta.es), podendo ser realizadas as alegacións desde a mesma páxina.

Inicialmente, o prazo para realizar aportacións remataba o 30 de abril, mais no Consello Forestal realizado o día 24, decidiuse amplialo ata o 10 de maio.

Os principios fundamentais nos que se inspira a Lei son, entre outros, a xestión sustentábel do monte; a conservación, a protección e a restauración dos mesmos.

Asemade, tamén se procura o fomento da multifuncionalidade nos seus aspectos económico, social e medioambiental e o fomento da valorización dos montes, das producións forestais e dos seus sectores económicos asociados.

Varias son as novidades que presenta o borrador. A máis significativa é a inclusión dentro da Lei de Montes de todo o referido aos montes veciñais en man común, regulados no capítulo IV.

Ademais, créase o Rexistro Forestal de Galiza, onde se inscribirán todos os montes galegos segundo sexan de utilidade pública, protectores ou de especial protección autonómica, veciñais en man común ou estean ordeados.

Principio de Compensación

Así mesmo, establécese o principio de compensación, polo que calquera ocupación ou diminución no monte producidas por actuacións urbanísticas, obras ou servizos públicos, incluíndo as actividades mineiras, deberá ser compensada polo promotor cunha actuación forestal, social ou medioambiental.

Inclúe, ademais, unha serie de obrigas para os propietarios e as propietarias de terreos de monte, regulando tamén, os aproveitamentos forestais, madeirábeis e leñosos, o pastoreo, a biomasa forestal primaria e outros, establecendo as comunicacións ou autorizacións precisas antes do inicio do aproveitamento.

Tamén pretende modificar o modelo forestal galego, regulando a unidade mínima de actuación forestal e o límite á segregación de montes, que en ambos casos se sitúa nas 15 hectáreas.

Os nosos viños falan galego

Chegou a hora de que o sector vitivinícola leve a nosa lingua de beizo en beizo por todo o mundo

Os nosos viños falan da terra, das variedades autóctonas, dos microclimas, das xentes que traballan os bacelos, das tradicións, dos lugares; falan das plantas e flores que acompañan as cepas. Expresan o carácter das nosas ribeiras e saben a Galiza.Baixo o título "Deixa que o viño fale" estase a desenrolar unha campaña co apoio da Consellaría do Medio Rural e da Secretaría Xeral de Política Lingüística. O sector vitivinícola, que representa o once por cento do PIB da Galiza, convértese nun dos mellores embaixadores da nosa lingua.

Ao igual que acontece noutros sectores, no vitivinícola non sempre se emprega o galego para as etiquetas nin as marcas comerciais dos viños da nosa Terra.

Neste sentido, temos que felicitar as iniciativas da Asociación de Funcionarios para a Norma-lización Lingüística, que dende vai varios anos promoven iniciativas na procura de potenciar o etiquetado dos viños en galego.

Baixo o título "Deixa que o viño fale" están desenrolando unha campaña co apoio da Conse-llaría do Medio Rural e da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Dende vai uns sete mil anos até os nosos días o viño foi fonte de inspiración de homes e mulleres en tódalas artes, o sector vitivinícola ten expresión propia, na paisaxe, na arquitectura, na poesía....



Dende Martín Codax até Manuel María a poesía galega foi, ao mesmo que o viño, alimento do espírito do noso pobo compartindo o lirismo, o refinamento e a sensibilidade.

Tamén son moitas as referencias literarias de Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor, Ramón Cabanillas, Lamas Carbajal, Neira Vilas, etc.

Pero a máxima expresión deste maridaxe viño-poesía atopámola en Florencio Delgado Gurriarán coa súa "Bebedeira" chea de referencias e de cantos ao viño, as nosas variedades autóctonas e aos homes e mulleres que co seu traballo e sabedoría posibilitan a existencia deste dionisíaco líquido.

Tamén a cultura popular atópase chea de referencias ao viño e ás viñas.

Temos un riquísimo léxico propio e específico sen recoller e sen poñer en valor, e mentres isto non se fai séguese a usar unha linguaxe afrancesada ou españolizada con acento da Rioxa.

Non é preciso recorrer a palabras foráneas xa que temos un idioma moi rico, incluso con acepcións diferentes dependendo da comarca vitícola a que nos esteamos a referir.

Dende o Sindicato Labrego Galego reivindicamos un dicionario da viña e o viño.

Tamén cómpre ralizala adaptación do vocabulario de cata, recollendo a terminoloxía propia, en galego, como mellor vehículo para falar dos nosos viños.

Lonxe de pensar que a linguaxe que provén do agro, que usamos os labregos e labregas é cousa de antropólogos e museos, e que a mecanización e as novas tecnoloxías nos métodos de produción labregos obrígannos ao uso de palabras foráneas, temos que reivindicar que, mentres exista a agricultura e un medio rural vivo na Galiza, debe existir unha tensión institucional por adaptar as terminoloxías ás novas prácticas de produción, ás novas tecnoloxías, etcétera.



En 2003 só etiquetaban en galego quince marcas dun total de catrocentas corenta adegas adscritas ás nosas cinco denominacións de orixe. Na colleita deste 2008, cento corenta adegas identificarán os seus viños en galego.

"Temos un riquísimo léxico propio e específico sen recoller e sen poñer en valor, e mentres isto non se fai, séguese a usar unha linguaxe afrancesada ou españolizada con acento da Rioxa"

"Cantiga da vendima"

Antre as retortas cepeiras, frorazón de rapariigas dalle aos acíos doce morte coas mancíñas que acariñan. O vento abanea as vídras para darlle o adeus aos acíos, do roxoculerio sol escoa o celme dos raíos. (A verde aperta das vides cinge o pescozo das nenas, que cortan acíos maduros e cantan cantigas ledas.) Mancíñas de nenas louras antre follas depenican, follas das tortas cepeiras as monas fazulas bican.

Florencio Delgado Gurriarán

Coida a túa casa, Coida o teu país

A **Consellería de Vivenda e Solo** concede axudas para o remate exterior de vivendas unifamiliares no rural.

Subvención de ata 6.000€ para rematar a túa casa, se contas con licencia municipal.
Podes solicitala ata o 16 de Xuño

Galiza é o noso patrimonio.
Ti podes contribuír a melloralo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Infórmate no teléfono **902 100 054**
Ou en **www.conselleriavivenda.xunta.es**

Xunt@s construíndo un futuro en igualdade para @s nos@s fill@s

O pasado 9 de maio tivo lugar en Meira unha xornada sobor das claves da educación en igualdade

Esta xornada informativa estivo enfocada principalmente ás nais e pais. O obxectivo foi aprendermos a facer fronte á violencia de xénero coidando os valores transmitidos na educación das nosas fillas e fillos. Perante da dramática situación de ataques cara a muller que estamos a sufrir arestora, neste encontro analizamos que responsabilidade temos como familia, o papel da escola ou que podemos facer para contrarestar os argumentos discriminatorios que a miúdo chegan ós/ás nos@s fillos e fillas dende diferentes ámbitos da sociedade na que vivimos.

A educación dos nosos nenos e nenas é a base fundamental para evitar nun futuro as situacións de violencia de xénero que tanto nos preocupan hoxe en día.

Debemos ser conscientes de que na nosa sociedade, mulleres e homes, temos interiorizado debido á nosa educación, uns roles de comportamento para a muller e para o home que, levados ao extremo, segundo as circunstancias persoais de cada un, poden facer de nós potenciais vítimas ou potenciais maltratadores.

O continuo bombardeo ó que @s nos@s xóvenes se ven sometid@s dende os medios de comunicación, a televisión ou Internet, contribúen a fomentar conductas de desigualdade entre eles e elas.

A veces, as situacións que observamos, no seu entorno familiar, no relativo ao trato co resto da sociedade, á vestimenta característica das rapazas e rapaces, ao comportamento en grupo; parecen incluso indicar que non estamos evolucionando como sociedade en aspectos de igualdade e tolerancia, senon máis ben que estamos dando saltos hacia atrás.

Esta xornada informativa celebrada en Meira quixo abarcar difrentes perspectvas desta problemática.

A primeira das ponencias correu a cargo de María Estela San José Asensio -Xuiza do Xulgado de Instrucción nº 3 de Lugo, de Violencia sobre a Muller-, que presentou o relatorio titulado "Igualdade e dereito".

A segunda foi exposta por Ana Luisa Bouza Santiago - Directora do Servizo Galego de Igualdade-, que expuxo o relatorio "Datos e programas de actuación contra a violencia de xénero en Galiza".

Estas exposicións plantexáronse desde dúas perspectivas distintas: a xurídica e a institucional, en canto ferramentas prácticas e útiles para a muller que sufre maltrato.

A metade foron homes

Setenta persoas acudiron á chamada do SLG pra levar a cabo esta xornada sobor da educación para a prevención da violencia de xénero.

Case a metade eran homes. Este feito corrobora que os homes do País son cada vez máis conscientes de que este é un problema e unha traxedia para todas e para todos, e que desexan participar activamente na erradicación da lacra social na que se está a convertir esta vergoñenta tendencia de asasinatos de mulleres.

Entre @s asistentes estaban membr@s de distintos colectivos da comarca de Meira, Terra Chá e A Mariña,

Por parte do Sindicato Labrego acudiron Isabel Vilalba, responsábel da Secretaría das Mulleres e a responsábel da área da Secretaría en Meira, Begoña Sobrado.



De esquerda a dereita: Ana Luisa Bouza (detrás do ordenador), Begoña Sobrado, Estela San José e Isabel Vilalba.

Asasinadas na Galiza

Vintecatro mulleres morreron na Galiza a mans dos seus compañeiros ou ex-compañeiros entre os anos 1999 e 2008.

O 2006 e 2005 foron os anos máis dramáticos, con seis e cinco asasinatos respectivamente. No extremo contrario están os anos 2001 e 2006, cando non se rexistrou ningunha víctima no País.

No 2007 Galiza ocupou o terceiro lugar a nivel estatal en canto a violencia de xénero.

A provincia que rexistrou un meirande existrou máis número de denuncias.

A Secretaría das Mulleres é o órgano do SLG adicado á defensa dos principios de igualdade entre homes e mulleres.

A situación no medio rural, é quizás un dos entornos de máis difícil acceso por varios motivos:

- Polas situacións xeográficas do País, que ás veces serven para incomunicar e invisivilizar estes problemas,
- Polas características propias da sociedade do rural,
- Pola dificultade de que a información chegue a onde ten que chegar, que é ás familias, e ás mulleres en concreto.

Esta é unha barreira que en moitos casos nós mesmas nos poñemos, por exemplo, non asistindo ás reunións informativas que se organizan dende distintas organizacións, nin preguntando por vergonza, ou porque, ao non estarmos directamente afectadas, consideramos que non vai connosco.

Non se nos pasa pola cabeza pensar que tod@s temos fillas/os, ou netas/os, sobriñas/os, e que ningunha familia está libre de verse nun futuro nunha situación similar.

O SLG aposta por coñecer a realidade social, como se manifestan estes problemas e o abano de solucións que se poden adoptar para, deste xeito, poder participar activamente en contribuir a construir un futuro mellor e en igualdade para os/as nos@s descendentes.

No agro galego traballan máis mulleres ca homes

Segundo a Consellaría do Medio Rural, a icorporación de mulleres ás explotacións agrarias superou entre o 2005 e 2007 á dos homes, xa que as solicitudes supuxeron un 51% do total, situándose a idade media dos solicitantes entre os trinta e trinta e tres anos.

Entre o ano 2001 e 2004, seiscentas oitenta e nove mulleres déronse de alta na Seguridade Social Agraria. Segundo o rexistro da Consellaría 6.336 mujeres, o 31% do total, son titulares dunha explotación, frente a los 12.282 hombres, un 61 por cento.

Outras 7.321 mulleres están rexistradas como cotitulares ou cónxuxes de homes propietarios das explotacións.

AXUDAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO ■ DOG 10 de abril de 2008

Pagamento único dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero que acrediten insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego.

O importe da axuda oscilará, en función das circunstancias da muller, entre os seis e os vintecatro meses de subsidio por desemprego.

O prazo prazo de solicitude é do 30 de abril ao 30 de novembro.

AXUDAS DESTINADAS A ACTIVIDADES DE FOMENTO PARA A CONSERVACIÓN E A RESTAURACIÓN DE BENS DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO DE GALIZA

■ DOG 9 de abril de 2008

Fomento de actuacións de conservación e mantemento e de restauración de bens inmobles do patrimonio etnográfico tales como hórreos, cabazos, piornos, celeiros, cruceiros, petos de ánimas, palleiras e outros similares.

As axudas consistirán nunha subvención que se percibirá por unha soa vez por beneficiario e ben inmoble, pola contía máxima do 60% do custo da execución do proxecto, cos seguintes límites: 2.000 euros no caso de obras de conservación e mantemento e 6.000 euros no caso de obras de restauración.

O prazo para presentar as solicitudes permanecerá aberto ata que se esgote o crédito orzamentario previsto e, en todo caso, ata o 15 de xuño de 2008.

AXUDAS PARA FACILITAR O ACCESO Á PROPIEDADE AOS TITULARES DE ARRENDAMENTOS HISTÓRICOS E PARZARÍAS

■ DOG 13 de abril de 2008

A Consellaría do Meio Rural ven de convocar axudas para facilitarlle o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías.

As axudas, en réxime de reintegro de custos, poderán consistir en subvencións directas de capital ou en subvencións de tramitación.

As solicitudes de axuda presentaranse dende o 14 de maio ata o 14 de xullo de 2.008

AXUDAS DESTINADAS AO FOMENTO DE SISTEMAS DE PRODUCIÓN DAS RAZAS GANDEIRAS AUTÓCTONAS EN RÉXIMES EXTENSIVOS. ■ DOG 24 de abril de 2008

Poderán acollerse a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras rexistradas en Galiza.

A contía das axudas ascenderá a 100 euros por UGM de animal reprodutor recoñecido como pertencente ás razas autóctonas de fomento e 130 euros por UGM de animal reprodutor recoñecido como pertencente ás razas autóctonas de protección especial. A axuda non poderá superar a contía de 6.000 euros por explotación gandeira. Non obstante, se ademais a explotación gandeira está incluída nun sistema de calidade diferenciada agroalimentaria, as cantidades anteriores poderán incrementarse ata nun 20 por cento.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda estará aberto dende o 25 de abril ao 24 de maio.

AXUDAS PARA O FINANCIAMENTO DE ACCIÓNS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS, PROCESOS E TECNOLOXÍAS NO ÁMBITO AGROALIMENTARIO, AGRÍCOLA E FORESTAL ■ DOG 30 de Abril de 2.008

Terán a condición de beneficiarios destas axudas os consellos reguladores de denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida, cooperativas agrarias e empresas ou industrias transformadoras do sector agrario, alimentario e forestal ou da área de enerxías renovables de orixe agrícola ou forestal.

A contía máxima subvencionda en cada proposta de cooperación será de 200.000 euros, esta subvención pode chegar a cubrir o custo total da actividade.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 30 de maio.

SUBVENCIÓNS PARA FOMENTAR A PRODUCIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS DE CALIDADE DE ORIXE ANIMAL

■ DOG 8 de maio de 2008

A CMR publicou no DOG a ampliación do prazo para a presentación das solicitudes de axuda para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda rematará o vindeiro 31 de maio.

SUBVENCIÓNS PAR AO REMATE EXTERIOR DE VIVENDAS UNIFAMILIARES DE NOVA CONSTRUCIÓN. ■ DOG 17 de abril de 2008.

Dirixidas a persoas físicas cuns ingresos ponderados que non superen os 16.765 € anuais, sendo necesario que a vivenda, de construción inferior a 15 anos de antigüidade conte coa licenza municipal de obra e teña os paramentos exteriores e a carpintería exterior completa.

As actuacións obxecto de subvención son: *limpeza de pedra nas fachadas, revestimento exterior de cachotería, picado, rexuntado e revocadura con argamasa, saneamento e pintura das fachadas, imprimación antióxido e pintura para metal, decapado de pintura sobre madeira, pintura ao aceite para madeira, colocación de tella ou lousa nas cubertas, renovación de canelóns e baixantes, colocación de varandas de madeira, aceiro, ferro roxado ou pedra.*

A subvención é o equivalente ao 30% do custe da obra realizada cunha contía máxima de 6.000€.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda permanecerá aberto dende o 18 de abril ao 16 de xuño de 2008.

AXUDA DESTINADA Á COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DE INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS EN CONXUNTOS HISTÓRICOS, ZONAS ARQUEOLÓXICAS OU XACIGOS CATALOGADOS OU INVENTARIADOS.

■ DOG 9 de abril de 2008

Dirixidas aos promotores particulares de calquera tipo de obras que afecten un conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacigos catalogados ou inventariados.

A contía da axuda oscila entre o 50% e o 20% dos custos de execución, e co límite de 20.000 e 8.000 euros respectivamente.

O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto ata que se esgote o crédito orzamentario previsto e, en todo caso, ata o 31 de xullo de 2.008.

AXUDAS PARA O RETORNO Á FORMACIÓN DAS MULLERES QUE ABONDONARON O PROCESO EDUCATIVO PARA SEREN NAIS ■ DOG 23 de abril de 2008

Dirixidas a mulleres inactivas ou desempregadas que accedan ao sistema educativo, logo dun período de ausencia por mor da maternidade.

As axudas consistirán nunha subvención que se percibirá por unha soa vez por beneficiaria por un importe máximo de 600 euros.

O importe da axuda determinarase pola suma da contía resultante de ata o 80% do importe da matrícula do curso 2007-2008 e da contía resultante de ata o 50% do custo do material obrigatorio para o mesmo curso.

O prazo para presentar as solicitudes remata o 24 de maio de 2.008

AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS DE PRODUTORES NOS SECTORES OVINO E CABRÚN ■ DOG 9 de maio de 2008

Esta axuda ten como obxecto a modernización e a mellora da eficacia dos sistemas de produtivos e as calidades dos produtos do sector ovino e cabrún.

Poderán acollerse a estas axudas as agrupacións de produtores no sector ovino e cabrún. A contía das subvencións dependerá da actividade que se vai a realizar.

O prazo para presentar as solicitudes remata o 9 de xuño de 2008.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Circuíto de muxido GASCOIGNE de 4 puntos, lavado automático, 26 metros de tubo. **TLF. 669 808 644**

Oito ovellas e un carneiro de raza merina. Todo saneado. **TLF. 982 144 112 (Primo).**

Véndese ou alúgase explotación de algo máis de 10,000m^2, cercada con muros de fábrica, luz, manantial propio, 2 silos para penso, 3naves, oficinas, etc.con S.L. A 3km de Boiro. Prezo de venta 135.000€, prezo de aluguer a convir.
TLF. 626 010 679 (Alfonso)

Cargador con rotativa MORRA. **TLF. 636 650 908**

Véndense 2.000 m2 de invernadoiro e unha mepacadora de paquetes pequenos con cinta cargadora de pacas.
TLF. 679 208 672

Empacadora BATLLE 152 Tanque de frio ALFA-LAVAL, de 330 litros de capacidade.
TLF. 982 169 197 (Moisés)

Máquina de esquilar profesional, marca GILVI , seminova.
TLF. 686 784 178

Véndese trigo e pacas de palla.
TLF. 663 470 286

Rolos e pacas de herba seca.
TLF. 982 526 886

-Rotativa VICON, 6 platos.
-Abonadora VICON, 600 kg.
TLF. 645 598 711 (JOSE)

18 Bolos de herba seca
TLF. 981 79 86 81

-Rotativa 1,70
-Circuito de 6 puntos con pulsadores electrónicos.
-Tanque de Frío ALFA-LAVAL, de 750 litros.
TLF. 696 642 722

Quince ovellas con crías.
TLF. 982 157 931

Autocargador POTIGER Vos1 de 25 metros3 1S. 9000€ negociábeis.
TLF. 617 999 320 (Manuel)

Pinat tipo ENCINE.
TLF. 670 895 789

-Tractor INTERNACIONAL 685 .-Herba seca.
- Alúgase nave.
Tlf.: 618 115 119

-Hilerador de herba de correas completamente novo.
-Autocargador marca TATTO galbanizado con 7 cuchillas
Tlf. 981 78 82 10

SUZUKI SAMURAI, diésel.
TLF. 650 650 055

- Tanque de leite ALFA LAVAL 520L.
- Motosegadora BERTILLINI
TLF.. 620 138 279

Finca en zona urbana. Pradería de 5 ferrados e medio no concello de VILARMAIOR na zona de VILAMATEO.
TLF: 981 78 81 69

Autocargador GALARI.
TLF. 982 160 657 (noites) e 647 172 807

Vacas e novillas de leite por xubilación en Aldemunde, Carballo.
TLF. 981 729 927 (Xosé)

Tractor SAME modelo EXPLORER II 90cv . Bo prezo.
TLF. 638 045 317

Mel natural de colleita propia, procedente de néctar de flores de carpazas, silvas e castiñeiro principalmente. Deza (LALÍN). Particulares e comerciantes.
5 €/ kilo.Tamén asesoramos a abelleir@s pouco experimentad@s.
TLF. 986 781 834 ou melpajaro@hotmail.com

Autocargador GALAGRI, modelo 2600 e abonadora 400kg. **TLF. 659 659 418**

-Carro mezclador con fresa de 8m.
-Rotoempacadora KRONICK R- 130 con documentación.
TLF. 650 158 948

Autocargador de 27m^3 con 13 coitelas e porta hidráulica.
TLF. 650 158 948

Desbrozadora martillos traseira.
TLF. 699 141 720

Herba seca en Cospeito.
TLF. 982 505 798

Herba seca en Cazás-Xermade.
TLF. 982 526 174

Tractor EBRO 6125, dobre tracción. COSTE: 12000 EUROS.
TLF. 625 180 903

Cachorro de pastor catalán en Cualedro.
TLF. 617188732 ou 98842806 (Sindo ou Senén)

Lagar antigo de propiaño con máis de 200 anos de antigüedade en Verín.
TLF. 627 944 520

Autocargador GALAGRI, modelo 2600. Abonadora 400kg.
TLF. 659 659 481

Egua de pura raza española. Bo prezo.
TLF. 636 096 079

-Tanque de frio de 520 l, marca PORTINOX
-Bomba de 6 pontos, marca SAT.
TLF.981 856110

Dúas xatas rubias galegas preñadas e xata de leite próxima ó parto. Zoa Cesuras.
TLF. 981 79 03 31

Circuito WESFALIA 3 puntos con lavado automático e 5 anos de uso.
TLF. 982 18 70 81.

462 Litros de viño tinto do ano 2007. Zona d´A Cortegada.
TLF. 988 30 36 70

Autocargador con rotativa Juscafresa SAJ 19. En bo estado e con documentación. Zona Cesuras.
TLF. 981 78 66 10.

-Xaulas de coellos seminovas
-Sistema de limpeza con palas
-200 pacas de herba (1€/paca)
TLF. 988 45 74 00 ou 646 462 785

Enfriadero de 200l. e silo de rolos. Mondoñedo.
TLF. 982 17 94 13

Rolos de herba seca en Cospeito.**TLF: 982 505 755**

Empacadora WELGER AP400, en bo estado, seminova.
TLF. 982 370 655

Fresa AGRIC de piñóns 1.85 de traballo. Cospeito (Lugo)
TLF. 606 628 050

Segadora rotativa marca KHUN de cinco discos e un arado de 2 sucos e 16 pulgadas reforzado marca GÓMEZ.
TLF. 696 004 515

Un cordeiro e unha cordeira de 8 meses. Raza Merina (prototipo de monte). Económico. **TLF. 647144031 - Cristian (a partires 20 h.)**

Extendedeiro AUSAMA, Modelo L-410.
TLF. 986571208 e 616992917

Augardente d´ Herbas.
TLF. 629 308 667

Leña de carballo. Oroso. Preguntar precios e medidas.
TLF. 981 69 55 88

Tanque de Frío. Capacidade 800 L, JAPY, perfecto estado.
TLF. 981 60 52 70

Rulos de silo de herba máis herba seca. Ordes.
TLF. 981 68 26 52

Segadora de man BCS. Bo estado. Oroso.
TLF. 981 69 57 77 (Emilio)

Fresadora AGRATOR 1.90.
TLF. 982 177 430

Empacadora MASSEY-FERGUSON 122 con levantamento hidráulico de 1.80m
TLF. 986 584 070

Máquinas de limpar cereal e muíño de moer cereal.
TLF. 982 17 51 32

COMPRAS

Sementadora de patacas para tractor.
TLF. 981 66 92 50

Encintadora de rolos para silo.
TLF. 981 08 80 71 ou 620 66 01 15 (José Luis)

Cacheadora de patacas.
TLF. 981 669 250

ALUGUERES

Procúrase terreo de gran superficie para pastoreo, en calquera zona da Galiza.
TLF. 690 367 369

Búscase explotación para arrendar en calquera das catro provincias do País, preferentemente n´A Coruña.
TLF. 676 28 27 30 (Samuel)

OUTROS

Precísase conductor/a de tractor para traballos forestais.

Salario a convir. Zona de traba- llo na provincia de Ourense.
TLF. 676 979 348

Intercámbianse libros de lectura.
TLF. 986 58 40 70

Interprete de Español-Galego / Francés-Inglés-Portugués .
gargalladas@yahoo.es

Parella francesa procura aloxamento temporal en casa labrega, preferentemente na comarca de Pontevedra.
gasson.a@wanadoo.fr
(Andre Gasson)

Ofrécese persoa para traballar en explotación. Zona Vila de Cruces - Comarca d´O Deza.
TLF. 699 330 236 (Arturo)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correio electrónico *prensa@sindicatolabrego.com*. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Nova mocidade emprendedora



Nova sabedoría do rural



Hai moito máis que innovación, produción e calidade.
Hai moito máis que boas oportunidades para a
mocidade que elixe traballar no novo rural.
Hai outra filosofía de vida.... unha nova sabedoría.

E ti... se sempre volves ao rural ...
Por que non ficas a traballar nel?





novas axudas
á incorporación da mocidade á
actividade agraria
e mellora das explotacións

http://mediorural.xunta.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Infórmate e establécete no rural.